

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DA VEIGA PARA A CREACIÓN DUNHA ESTACIÓN BASE DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería do Medio Rural, representada neste acto polo conselleiro, José González Vázquez, nomeado mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia; actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E da outra, o Concello da Veiga, representada neste acto polo alcalde, Juan Anta Rodríguez, actuando no seu nome e representación en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura deste convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución española.

Segundo. As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e prevención e extinción de incendios.

Terceiro. A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.





Así, no artigo 8 establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Tamén no artigo 59 establece que a Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e a extinción de incendios, ben a través de medios propios ben por medio de mecanismos de apoio económico.

Cuarto. O concello de A Veiga é o máis extenso da provincia de Ourense, conta cunha superficie de 291 km², ten unha riqueza patrimonial moi importante de flora e fauna e, sobre todo, unha masa de arboredo das máis importantes de Galicia.

Os medios para a prevención e defensa contra incendios cos que conta o concello están compostos por unha brigada de prevención e extinción, dous vehículos motobomba e un tractor. Así mesmo, o concello é sede dun GES, grupo de emerxencias supramunicipal.

Estes servizos, que constitúen un dispositivo importante para o seu ámbito, e cos que o concello participa mediante colaboración anual co Servizo de Prevención contra incendios forestais da Xunta de Galicia, precisan de instalacións adecuadas e permanentes, das que agora o concello carece.

O feito de que estes servizos para a prevención e extinción de incendios estean activos de xeito continuado no ámbito municipal mais a necesidade de que estas dotacións se ubiquen nos espazos axeitados, levan ao concello a construír unha infraestrutura que funcione como estación-base permanente e preste servizo tanto para os medios materiais, incluídos os vehículos, para a súa óptima conservación e mantemento, como para os medios humanos, con espazos de traballo adecuados as funcións características deste dispositivo e á normativa aplicable.

Quinto. No contexto da prevención e defensa contra os incendios forestais, o concello de A Veiga está localizado entre as zonas sureste e noreste dos Distritos forestais XIII e XIV respectivamente, unha ampla zona do territorio da provincia de Ourense con espazos forestais e zonas de influencia forestal con difíciles comunicacións, de difícil acceso e, por iso, con unha distancia salientable das sedes-base actuais do SPIF da Consellería do Medio Rural.

A Consellería carece de infraestruturas na zona descrita desta Comarca Forestal para ampliar o dispositivo autonómico; así pois, coa construción desta sede polo concello, e coa posibilidade do seu uso, disporíase de instalacións adecuadas para o dispositivo do SPIF nesa zona da provincia de Ourense, unha zona de alto risco de incendio, o que permitiría o despregue permanente de medios de prevención e defensa complementarios aos que actualmente teñen sede nos distritos referidos, o que devén nunha importante contribución á liña estratéxica que mantén a Consellería do Medio Rural a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte, na permanente mellora na prevención e para a redución de tempos de resposta na atención das tarefas e labores de extinción dos incendios forestais.





En consecuencia, a dispoñibilidade dunha sede para a ampliación da operatividade do dispositivo de prevención e extinción de incendios no territorio definido resulta de especial interese para os fins vinculados as competencias autonómicas inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia.

E, en virtude do exposto, ambas as dúas partes recoñécense capacidade para comprometerse, en virtude deste convenio, consonte as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

Este convenio ten por obxecto acordar a participación e a colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello da Veiga para realizar actuacións estruturais vinculadas á prevención e defensa contra incendios forestais mediante a creación dunha estación base de defensa forestal na Veiga destinada albergar medios humanos e materiais de prevención e defensa contra incendios con operatividade no ámbito da Comarca Forestal á que pertence o concello.

Os medios aos que se destinará este espazo son os medios propios municipais, os medios dos GES e, polo menos, dúas brigadas completas e dous vehículos motobomba do SPIF.

SEGUNDA. *Actuación subvencionable*

A actuación que se subvenciona é a construción dun centro denominado “Estación base de prevención e defensa forestal da Veiga” que estará situado no lugar de A Louseira no Concello da Veiga.

O centro constará dunha zona de estacionamento de vehículos, almacéns de material e de zonas de persoal para os equipos de traballo (sala de descanso, vestiarios, aseos, comedor, sala de reunións, entre outros) independizada para as brigadas forestais da Xunta de Galicia, para as brigadas municipais de prevención e extinción de incendios e para o GES. Outra estancia será para uso municipal de maquinaria menor.

TERCEIRA. *Orzamento e financiamento*

1. O orzamento estimado para as actuacións que son obxecto deste convenio ascende a 532.500,00 €.

2. Os custos das accións a desenvolver neste convenio repartiranse entre a Consellería do Medio Rural e o Concello da Veiga.





3. A Consellería do Medio Rural financiará, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551B.760.0, código de proxecto 2011 00771, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2022 e 2023, ata o 70% do investimento co máximo de 372.750,00 €, distribuídos en dúas anualidades:

- 2022: 172.750,00 €
- 2023: 200.000,00 €

4. A parte correspondente ao concello ascende a 159.750,00 € e será financiada directamente pola entidade local con cargo aos seus respectivos orzamentos.

CUARTA. *Compromisos do Concello da Veiga*

O Concello da Veiga comprométese a :

1. Aportar os terreos de titularidade municipal que sexan necesarios para a construción do centro do que é obxecto este convenio.
2. Asumir os custos de redacción do Proxecto básico e de execución das obras.
3. Tramitar e obter os permisos e as autorizacións que sexan necesarias para a execución do proxecto.
4. Realizar as obras recollidas neste convenio e que constitúen o seu obxecto, ademais de xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta subvención.
5. A sinatura deste convenio por parte do Concello da Veiga conleva a declaración do cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo os artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Acreditar que o Concello da Veiga cumpriu o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, de acordo co indicado no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
7. Realizar os trámites de adxudicación das obras consonte o establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
8. Xustificar ante a Consellería do Medio Rural o cumprimento da finalidade do convenio mediante a presentación dunha conta xustificativa.
9. Comunicar á Base de datos nacional de subvencións (BDNS), para a publicación, toda a información relativa ás axudas recollidas neste convenio, en cumprimento do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.





10. Manter a base construída en óptimo estado para o seu uso durante o tempo establecido neste convenio.
11. Someterse ás actuacións de comprobación que, con respecto á xestión dos fondos deste convenio, efectuará a Consellería do Medio Rural, ás de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda, así como os controis que poidan realizar as institucións e/ou órganos competentes respecto das actuacións confinaciadas pola Consellería do Medio Rural.

QUINTA. *Compromisos da Consellería do Medio Rural*

A Consellería do Medio Rural comprométese a contribuír ao financiamento das actuacións obxecto deste convenio nos termos nel sinalados.

SEXTA. *Realización das obras, xustificación dos investimentos e pagamentos da axuda*

1. O concello entregará unha copia do proxecto no que se reflectirá o espazo destinado aos medios de prevención e defensa contra incendios da Xunta de Galicia; comunicará á Dirección Xeral de Defensa do Monte o inicio das obras e durante os seu desenvolvemento comunicará todas aquelas incidencias que puideran producirse.

Asemade, comunicara con antelación suficiente a data de recepción das obras para que a Consellería, se o considera, designe un técnico/a para a asistencia a ese acto.

2. O prazo de presentación da documentación xustificativa da totalidade das actuacións que son obxecto deste convenio remata o 30 de setembro de 2023.

3. O Concello poderá solicitar un pagamento anticipado polo importe máximo da contía da primeira anualidade da axuda unha vez se asine a acta de replanteo da obra. Para este pagamento anticipado o concello presentará xunto coa solicitude, a acta de replanteo e a declaración de estar está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

4. A Consellería poderá realizar pagamentos a conta que poderán supor a realización de pagamentos fraccionados que respondan ao ritmo de execución das obras, aboándose pola contía da cada certificación mensual de obra.

Para o primeiro pagamento a conta o Concello presentará, xunto coa solicitude, a licenza de obra, a xustificación do proceso e resultado da licitación e o contrato de obras asinado, as certificacións de obra que correspondan, con relación valorada, e facturas efectivamente pagadas á empresa contratista. Para os pagamentos a





conta seguintes presentará, con cada solicitude, as certificacións de obra con relación valorada e facturas efectivamente pagadas.

En todo o proceso o Concello manterá vixentes a declaración de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter pendentes pagamentos por ningunha outra débeda coa facenda autonómica.

5. O importe aboado en concepto de pagamentos a conta xunto co aboado por pagamento anticipado non poderá superar o 80% da axuda nin exceder da contía prevista para cada anualidade.

Tanto para percepción do anticipo como dos pagamentos a conta que procedan, o Concello está exento da constitución de garantías en virtude do establecido no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Para o pagamento final, o Concello presentará unha solicitude de pagamento final xunto coa certificacións de obra con relación valorada e facturas efectivamente pagadas á empresa contratista, mais a acta de recepción debidamente asinada polas partes interviñentes.

Xunto con esta documentación achegarase, de ser o caso, a relación detallada doutros ingresos e/ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da dita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, xuntarase declaración de que a entidade local está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

7. A Consellería do Medio Rural aboará os investimentos subvencionables xustificadas debidamente desde a sinatura do convenio ata a data de finalización do período de xustificación, polo importe máximo da subvención, ou a parte proporcional, segundo corresponda, tendo en conta que, de acordo co artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando quede xustificado o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria. En todo caso a xustificación relativa á contía percibida no exercicio 2022 corresponderase exclusivamente co gasto efectivamente executado nesa anualidade.





SÉTIMA. *Reintegros*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas establecidas neste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á súa modificación.
2. O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dará lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida e/ou á perda do dereito ao cobro das contías non percibidas.
3. No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellería do Medio Rural.
4. No suposto de reintegro da axuda concedida, os xuros de mora esixíranse dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, tal e como establece no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA. *Compatibilidade de axudas*

A axuda concedida mediante este convenio é compatible con calquera outra para a mesma finalidade. Así mesmo, no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.

NOVENA. *Publicidade*

Este convenio será obxecto de publicación e inscrición, de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, as partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan nel, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e goberno aberto.





DÉCIMA. *Relación por medios electrónicos*

En cumprimento do disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a relación administrativa entre as partes asinantes realizarase por medios electrónicos. As notificacións realizaranse por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia (Notifica.gal), <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación. Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Información básica sobre a protección de datos de carácter persoal*

As partes asinantes virán obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (UE) núm. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos de carácter persoal aos que se teña acceso en virtude deste convenio serán tratados por ambas as dúas partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos conforme á normativa recollida nas cláusulas do convenio e ás referencias recollidas na páxina <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso á rectificación e supresión os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou de xeito presencial, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, en aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, a perdas, a tratamentos ou a accesos non autorizados.





DÉCIMO SEGUNDA. *Comisión de seguimento*

Constitúese unha comisión mixta paritaria como mecanismo de actuación conxunta para o seguimento, coordinación e avaliación das actuacións estipuladas no convenio. Esta comisión, que se reunirá a petición de calquera das partes, estará formada por dúas persoas en representación da Consellería do Medio Rural, dúas en representación do Concello da Veiga e estará presidida por un representante elixido pola Consellería.

Este órgano colexiado rexerase polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DECIMO TERCEIRA. *Uso da estación base polo SPIF*

Unha vez que o Concello de A Veiga finalice a obra e se recepcione para o seu uso; os medios do SPIF que a Consellería do Medio Rural destine a esa base poderán facer uso da mesma, logo da tramitación do expediente patrimonial correspondente.

O Concello de A Veiga manterá a disposición da Xunta de Galicia o espazo diferenciado e destinado para os medios do SPIF en óptimas condicións para o seu uso durante 20 anos ininterrompidamente desde o acto de recepción. Non obstante, unha vez transcorridos os primeiros dez anos de funcionamento da base, ámbalas dúas partes poderán de mutuo acordo revisar o uso das instalacións e adoptar os pertinentes acordos para eses efectos.

DÉCIMO CUARTA. *Modificación e extinción do convenio*

1. Este convenio poderá ser obxecto de modificacións ou de prórrogas xustificadas, logo da tramitación da addenda correspondente, e seguindo todos os trámites necesarios para a formalización oportuna.

2. O convenio poderá extinguirse polas causas xerais admitidas en dereito e, en particular, por mutuo acordo das partes, por circunstancias que imposibiliten a realización das actuacións previstas e/ou por incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas. Os reintegros ou as perdas de dereito xeradas por estes incumprimentos tramitaranse segundo o disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, será causa de resolución a denuncia expresa de calquera das partes, que poderá realizarse en calquera momento, previa comunicación por escrito á outra parte asinante con unha antelación mínima dun mes respecto da data na que se vaia dar por finalizado.





DÉCIMO QUINTA. *Réxime xurídico*

Este convenio ten carácter administrativo, réxese polas súas cláusulas e, no seu defecto, estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos principios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

As posibles discrepancias que poidan xurdir na súa aplicación e/ou interpretación resolveranse por diálogo directo entre as partes ou pola Comisión de seguimento. As controversias non resoltas serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEXTA. *Vixencia*

Este convenio producirá efectos dende a sinatura e ata o 31 de decembro de 2023.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio, no lugar sinalado no encabezamento.

O conselleiro do Medio Rural
José González Vázquez

O alcalde do Concello da Veiga
Juan Anta Rodríguez

